

## **MOCIÓN AER SOBRE ELIMINACIÓN DO AMIANTO NAS LIÑAS DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE SOBRE AS OBRIGAS DE AQUALIA.**

PLENO 07 DE XUÑO 2018. ACTA 08/2018

Moción de AER do día 24.04.2018 con número 2018-E-RE-540 que se transcribe a continuación:

*“As tubaxes de fibrocemento a base de fibras de amianto e cemento xeneralizáronse nas redes de auga europeas dende os anos 40, sendo esta unha expresión do auxe económico da industria do cemento e do sector da construción. O fibrocemento ou “amianto-cemento” é un material artificial obtido da mestura de auga, cemento e fibras de amianto, nas que estas representan entre o 10 e o 25% da composición.*

*Os síntomas de enfermidade por exposición ao amianto foron durante moitos anos difíciles de detectar, xa que soen aparecer entre os 10 e os 40 anos despois da exposición ao material. Aínda así, desde 1935 coñécense os primeiros traballos que relacionan cientificamente a exposición ao asbesto e o cancro de pulmón. A substancia foi clasificada e recoñecida por organismos internacionais (Oficina Internacional para a Investigación do Cancro, Oficina de Protección Ambiental, etc..) como un canceríxeno humano, habendo relación entre a exposición ao asbesto e varios tipos de cancro, como o colo-rectal ou gastrointestinal.*

*A Directiva Europea 1999/77 do 26 de xullo do 1999 xa limitaba o uso e comercialización de substancias como o amianto, e por extensión, fibrocemento nas tubaxes. A través da orde do 7 de decembro do 2001, no Estado Español está prohibido o uso e comercialización de todo tipo de amianto e produtos que o conteñan. Dende 2003, están totalmente prohibidas, tanto nos usos como en comercialización, esta vez, pola directiva europea 2003/18/CE, e márcase a súa substitución por outros materiais, dado o potencial perigo no tempo.*

*Mais, a pesar da prohibición total, en todo o ámbito do estado aínda quedan millóns de toneladas de amianto, que poden supoñer un potencial risco para a saúde. Hai dúas formas de exposición ao amianto: por inhalación (casos de demolicións de estruturas que conteñen amianto, traballos de reparación nelas ou a propia degradación da estrutura) ou por deglutición de fibras de amianto, contidas na auga ao pasar polas tubaxes de fibrocemento.*

*En Redondela apareceron tubaxes deste tipo nas reparacións no alto do Os –Tras, Cesantes, fai 3 anos, feito que foi denunciado pola asociación de Veciños de Cesantes no consello parroquial e nas redes.*

*O documento de concesión recolle nas súa especificacións:*

Páx. 1

c) Que o IVE se considera gasto deducible para a empresa e polo mesmo recuperable, polo que non pode terse en conta a efectos do cómputo da inversión global, polo que a inversión neta de IVE que executará a Empresa concesionaria se cifra en 458.260.870.- de pesetas, cuxa execución se distribuirá da forma seguinte:

- No exercicio de 1993, se inverteran 18.260.870.- de Pesetas.
- No exercicio de 1994, se executará obra por importe de 200.000.000.- de Pesetas
- No exercicio de 1995, a obra a executar será por valor de 100.000.000.- de Pesetas
- No exercicio de 1996, a obra a executar será por valor de 50.000.000.- de Pesetas
- no exercicio de 1997, investiranse 90.000.000.- de Pesetas

Páx. 4

**DUODÉCIMO.-** As infraccións cometidas pola concesionaria sancionaranse tendo en conta o seu grado de incumprimento, de conformidade co disposto no Prego de Condicións nas Bases 106 e seguintes.

Páx. 5

**DECIMOSEXTO.-** O concesionario está obrigado a velar pola conservación de tódolos elementos da concesión que recibe do Concello para a xestión do servizo, así como dos que adquieran e dediquen ó mesmo no futuro, non podendo enaxenar ben algún adscrito ó servizo, debendo coidar que ó tempo de reversión ó Concello estean debidamente conservados e renovados. Tampouco poderá gravar ningún ben sen autorización expresa do Concello.

O prego de condicións recolle:

Páx. 20 - 21

#### **DEL MANTENIMIENTO Y CONSERVACION DE LA INFRAESTRUCTURA**

**26ª 1.** El mantenimiento y conservación de la infraestructura adscrita al Servicio correponderá al Concesionario, quien velará por su correcto funcionamiento y tomará las medidas oportunas para que siempre se encuentre en las debidas condiciones de uso.

**2.** La responsabilidad del funcionamiento, mantenimiento y conservación de las obras e instalaciones afectas al servicio objeto del contrato, corresponde exclusivamente al Concesionario. Corresponderá a los abonados o beneficiarios del Servicio, la adecuación y conservación de las instalaciones que se encuentran dentro de los límites de su propiedad, en cumplimiento del Reglamento Municipal vigente.

Páx. 27 - 28

#### **DE LOS SERVICIOS A PRESTAR POR EL CONCESIONARIO**

**41ª 1.** El Concesionario tendrá a su cargo la gestión integral del Servicio de Abastecimiento de Agua Potable y Saneamiento del Término Municipal de REDONDELA, a cuyo efecto deberá

realizar todas las actividades necesarias para un correcto funcionamiento del mismo, y como mínimo las siguientes:

**i) Realizar estudios con una periodicidad máxima anual sobre necesidades de ampliación o renovación de las redes de abastecimiento de agua y alcantarillado y posibles captaciones u otros medios para incrementar los recursos hídricos.**

Destá serie de artigos interpretamos que a empresa concesionaria debe facerse cargo da substitución das tubaxes fibrocemento que conteñan amianto no noso concello.

Tamén concluimos, a menos que se nos demostre o contrario, que a empresa incumpriu o prego de condicións no referente a inversións e estudos anuais que debería realizar.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

**1.- Renovación das tubaxes de fibrocemento da rede de abastecemento de auga no concello de Redondela por tubaxes que non impliquen ningún risco sanitario para a poboación.**

**2.- Elaboración dun informe por parte dos servizos do Concello acerca de quen debe asumir os gastos desta renovación; se a empresa concesionaria ou o Concello de Redondela.**

**3.- Apertura de expediente sancionador á empresa concesionaria por incumprimento do contrato.”**

*VOTACIÓN E ACORDO.-*

*Sometida a votación a mencionada moción, coa modificación proposta de suprimir “Sancionador” no terceiro punto do acordo, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor (06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 09 abstencións do PP.*